

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2022**

Ás 10.00 horas do día 25 de febreiro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sexto da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeoacta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2022.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 28 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 22 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- MODIFICACIÓN DA RPT DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NO RELATIVO AO PERSOAL EVENTUAL.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para manifestar en primeiro lugar a solidariedade e apoio do grupo socialista co pobo ucraíno e agarda que a cordura impere e se solucione pronto esta crise. Sobre a proposta indica que lle parece moi ben que os grupos do PP e de DO se poñan de acordo para esta cuestión, se ben as idas e vidas non son exemplarizantes, e pide que se poñan tamén de acordo no Concello de Ourense, onde os grupos socialista e do BNG están sen persoal eventual. Remata indicando estar a favor da

proposta pero ao non estar de acordo coa forma de xestionar esta situación os grupos de goberno no concello de Ourense, non poden apoiar esta e o seu voto será a abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata de volver á situación inicial aprobada polos grupos na sesión plenaria de data 16.06.2019 onde se acordou a distribución dos postos de persoal eventual ao servizo dos grupos políticos provinciais, explicando que a modificación anterior tivo causa, como todos coñecen, no paso do deputado Miguel Caride do grupo de DO a deputado non adscrito.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste igualmente en que se trata de volver á situación inicial, e que os debates do concello deben darse no concello e non na Deputación, onde todos os que estamos alí sabemos o que pasou e puntualizando simplemente ao voceiro socialista que “hai que ter palabra”.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

*Na Área de Presidencia, modifícanse as determinacións 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual,*

*Suprímese o seguinte posto de traballo*

*2º) Gabinete de Presidencia:*

*1 Asesor da Presidencia: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

*Engádese o seguinte posto de traballo*

*3º) Persoal ao servizo dos grupos políticos:*

*Grupo de Democracia Ourensana (DO):*

*1 Asesor político de grupo: persoal eventual, asimilado ao grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

### **3º.- MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO INORDE.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención condenando a guerra que se está a dar no leste de Europa e ás portas da zona máis desenvolta do mundo, e indicando que ningún pobo merece ser agredido baixo ningunha circunstancia. Respecto ao asunto da orde do día sinala que votarán a favor desta proposta xa que DO ten que ter esa representación no órgano de goberno do INORDE.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar que acepta con honra esta designación para o Consello Reitor do INORDE.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a representación de cargos no organismo autónomo INORDE, nomeando a don Armando Ojea Bouzo en substitución de don Miguel Caride Domínguez, quedando como segue:

Catro vogais entre persoas con recoñecida actividade empresarial ou profesional:

D. Armando Ojea Bouzo, deputado provincial.

D. Aurelio Gómez Villar, asesor da Presidencia.

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández (suplente: dona Rosario Rodríguez Delgado) deputadas provinciais.

D. Bernardo Varela López, deputado provincial.

A deputada dona Montserrat Lama Novoa podería asistir como ouvinte, sen voz nin voto.

#### **4º.- PRÓRROGA DA ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que estamos ante a segunda prórroga para a autorización pola Xunta de Galicia da asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello do 1 de febreiro de 2018 e prorrogada polo acordo do Consello de 12 de marzo de 2020. Sinala que este grupo socialista xa reiterou cando se aprobou a primeira prórroga que o concello dos Blancos durante a dispensa non podería recibir subvencións nominativas desta Deputación agás nos seguintes casos: investimentos que teñan por obxecto a redución dos gastos nos servizos obxecto da dispensa e subvencións cuxo obxecto sexa o establecemento de equipamentos comunitarios que xeren empregos directos e non poñan en risco a sustentabilidade económica do concello. Insiste en que están de acordo coa cooperación da Deputación pero hai unha serie de parámetros que hai que cumprir e no ano 2020 este concello recibiu algunha subvención nominativa, rompéndose o principio de equidade e outorgándolle un trato de favor.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza sinalando que a obriga da Deputación é a de manter as infraestruturas deste concello aínda que sexa a través de subvencións nominativas. Engade a satisfacción do grupo de goberno respecto desta dispensa, xa que se consegue prestar de xeito satisfactorio todos os servizos á veciñanza ao tempo que se está a xerar superávit nas contas municipais. Sinala que se trata da primeira dispensa que se autoriza na nosa Comunidade Autónoma e que esta Deputación está a solucionar unha problemática moi grande e sen que a veciñanza se vexa prexudicada.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar o voto favorable do seu grupo e desexa que unha vez rematada esta prórroga o concello teña a viabilidade económica suficiente para recuperar a xestión dos servizos municipais obxecto deste acordo. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2024, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello do 1 de febreiro de 2018 e publicada no DOG núm. 52 de data 14.03.2018, e prorrogada polo acordo do Consello de 12 de marzo de 2020.

#### **5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO MODO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención indicando que estamos nun tema no que ten especial sensibilidade e no que hoxe trataremos un punto máis técnico, que é o presente, e outro máis político, que é a moción que trae o grupo socialista. Xa en xaneiro de 2021 o BNG trouxera unha moción sobre a xestión de residuos pola DPO, e que estamos ante un tema no que non debemos debater soamente sobre a xestión pública vs xestión privada del, senón sobre cal é a estratexia política da xestión deste servizo público desta Deputación, e que esta non queda nada clara despois de estudar os informes que obran no presente expediente administrativo. Como mostra da ausencia de planificación indica que se fala da posta en marcha do quinto contedor, pero non se aclara onde se vai levar e como se vai xestionar. Así, este expediente só supón o cambio á xestión indirecta, pero non

aclara como se vai xestionar e esta é unha cuestión moi importante. Ademais as alegacións fan fincapé na parte económica do servizo, e se argumenta no informe da área de medio ambiente que, como moito, o seu importe podería ser un 6,4 % superior á xestión directa, pero que el entende que o encarecemento do servizo vai ser superior, e o que realmente se infire e que quedan moi claras as necesidades de persoal para a prestación deste servizo, particularmente na parte técnica, que se ve desbordada pola carga de traballo existente. Manifesta que a solución máis acaída precisamente sexa esa, reforzar a parte do persoal técnico do servizo, xa que este se está a prestar cuns estándares de calidade asumibles para o seu ámbito territorial. Remata indicando que debe apostarse pola xestión pública deste servizo e velar polas condicións laborais dos traballadores tal e como manifestan as alegacións presentadas, e que a xestión directa garante máis a flexibilidade e axilidade para acometer os retos que se presentan a curto prazo na xestión deste servizo, que esta é totalmente viable, e que o seu grupo do BNG segue a apostar pola xestión pública,

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o debate político se vai dar máis no punto décimo na orde do día, cando se trate a moción que presenta o grupo socialista. En todo caso sinala que o debate político ten moito que ver coa visión que teñen os grupos sobre a forma de xestión deste servizo en concreto, e que con esta modificación se afecta principalmente á parte máis feble, que son os traballadores, polo que xa manifesta que o voto do seu grupo vai ser en contra. Engade que parte das alegacións dos traballadores se sitúan na idea que ten o grupo socialista da xestión do servizo, e que eles mesmos aluden a que o servizo non se vai prestar coa mesma eficacia e eficiencia que na xestión directa, que a súa relación laboral vai mudar e iso é unha obviedade que non se debe esquecer. Sinala que estamos ante a prestación dun servizo que non debemos esquecer que é de competencia municipal, e que a DPO presta por delegación expresa dos concellos, e agora o grupo de goberno intenta facer negocio cos recursos dos concellos. Pregunta a continuación como se pode privatizar un servizo que en calquera intre pode modificarse substancialmente coa saída de varios concellos e que isto se pretende facer sen contar cos concellos afectados, e sen contar cos traballadores afectados, e cos cales, a día de hoxe, aínda non se reuniu o grupo de goberno. Remata indicando o desacordo do seu grupo con esta forma de proceder indicando que o grupo socialista votará en contra desta proposta.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza puntualizando que a estratexia e planificación do grupo de goberno respecto a este servizo será explicada con detalle na

seguinte intervención, pero que xustamente a parte relativa ao destino dos residuos non é competencia das EELL, senón da Xunta de Galicia. Respecto á modalidade do contrato de xestión indirecta, sinala que aínda non toca, xa que isto debe iniciarse unha vez que o pleno aprobe o cambio do modo de xestión deste servizo, e que se vai aprobar na presente sesión plenaria. O mesmo sucede respecto das condicións laborais dos traballadores afectados, indicando que en todo a DPO buscará que a subrogación se produza nas mellores condicións laborais posibles. Engade que xe reuniu coa representación dos traballadores e que o volverá facer na próxima semana, pero que en todo caso hai que respectar os tempos e a decisión deste pleno, que previamente debe aprobar o cambio do modo de xestión á xestión indirecta. Indica que o informe da área de medio ambiente da Deputación, asinado polo director da área, é favorable ao cambio do modo de xestión, e o informe da secretaría xeral avala a legalidade do cambio do modo de xestión proposto. Seguidamente indica que non é moi acaída a afirmación do voceiro socialista de que se trata “de facer negocio”, xa que a el non se lle ocorre afirmar algo similar de alcaldes socialistas que apostan polo modelo de xestión indirecta. Engade que este contrato hai que facelo atractivo para que veñan as mellores empresas do sector e poidan achegar a innovación e as achegas que sexan máis acaídas para a xestión deste servizo.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta segunda quenda sinala que é difícil que os concellos se pronuncien sobre un asunto no que non teñen toda a información moi clara. Engade que cos miles de núcleos de poboación da provincia a ver como se vai xestionar a nova fracción de residuo, e é onde facer fincapé o cambio de modelo. Sinala que actualmente o servizo non é caro, lembrando que cidades como San Sebastián ou Barcelona, onde a recollida é máis sinxela pola concentración da poboación, pagan taxas que triplican ou cuadruplican o custo do servizo nesta provincia, engadindo que o servizo a través da xestión indirecta se vai incrementar, e que a solución, en parte, pasa por non xerar tantos residuos. Respecto á situación dos traballadores engade que é lóxica a súa preocupación e remata indicando que o voto do BNG vai ser contrario a esta proposta, e que esperan a que cando se traian os pregos da contratación a este pleno entre todos os poidamos mellorar.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que, con respecto aos traballadores afectados, as propias alegacións xa sinalan que se trata dun servizo intermunicipal que moitos traballadores xa veñen de concellos ou mancomunidades que se adheriron a este servizo intermunicipal. Insiste en que a DPO pretende actuar en nome dos

concellos, e que a maioría se adheriron á xestión directa da DPO cando tiñan xestión indirecta nos seus concellos e para conseguir un mellor servizo e redución de custos, polo que agora non é de recibo que a DPO, sen consultarlles aos concellos, decida unilateralmente cambiar o modelo. Un exemplo é o concello de Ribadavia, que el coñece persoalmente. Neste sentido sinala que para externalizar o servizo, iso xa o pode facer cada concello por separado, sen que teña que vir a DPO a decidir por eles, prevendo que se vai encarecer o servizo intermunicipal da DPO con este cambio e que se van eliminar contedores nos concellos. A continuación indica que se o grupo socialista goberna nesta Deputación, garante que o servizo vai seguir sendo público e xestionado de forma pública, porque cree que é un dos mellores que presta esta administración provincial, como dixeron e defenderon sempre.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que debemos matizar que as alegacións non foron presentadas polos traballadores, senón por unha organización sindical en concreto, e que non é a que ten maior representatividade no servizo. Por último afirma que está seguro de que o servizo vai ser mellor para a veciñanza e para os concellos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2), e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.** Desestimar, polos motivos que constan no informe realizado pola Área de Medio ambiente da Deputación de data 8 de febreiro de 2022 (o cal consta incorporado ao expediente no documento electrónico con CSV 14610755671774523053) e que serve de sustento argumental ao presente acordo, o escrito de alegacións presentado por Agustín M. Ramos Pérez actuando en nome e representación de José Luís Torres Bernárdez (NRE 1007).

**2º.** Desestimar, polos motivos que constan no informe evacuado pola área de medio ambiente da Deputación de data 8 de febreiro de 2022 (o cal consta incorporado ao expediente no documento electrónico con CSV 14610755671774523053) e que serve de sustento argumental ao presente acordo, o escrito de alegacións presentado por Manoel Anxo García Torres en nome e representación da Confederación Intersindical Galega (NRE 3313).

**3º.** Ratificar a consideración de que a forma máis adecuada para a prestación do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, polos motivos acreditados no expediente de referencia, é a de xestión indirecta, a cal deberá prestarse a través das formas previstas na Lei 9/2017 de

contratos do sector público: contrato de servizos con prestación directa a favor da cidadanía, ou contrato de concesión de servizos.

4º. Aprobar definitivamente a modificación do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, pasando de xestión directa a xestión indirecta, de acordo coa Memoria xustificativa e demais documentación incorporada ao expediente de referencia 2021/14562S.

### **6º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2022**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta intervención manifesta que a opción de voto do BNG neste punto será a da abstención. A razón fundamental é que estamos ante un plan ben cativo en canto ao orzamento e que os criterios de reparto entre os concellos non lles parecen xustos, se ben calquera que reciban os concellos desta provincia debe ser benvida. Respecto ao plan para a rede viaria provincial considera igualmente que o orzamento para a ampla rede de estradas provincial é escaso, e que en moitas zonas necesita actuacións urxentes debido ao seu mal estado. Considera que unha boa iniciativa é a posibilidade de adhesión á base novena do plan, agardando que se manteña xa nos sucesivos plans provinciais desta Deputación.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que esta aprobación inicial do plan é insuficiente e inxusta, e que tería unha solución moi sinxela coa implantación dun plan único destinado a financiar as actuacións dos concellos da provincia e cuns criterios de reparto obxectivos e equitativos. Respecto ao plan da rede viaria indica que o orzamento é a todas luces insuficiente, e que a rede provincial de estradas necesita de actuacións urxentes debido ao seu mal estado en moitas zonas, e que este grupo socialista xa leva denunciado nos derradeiros anos. A seguridade viaria debe ser unha preferencia para calquera administración, e engade que todas as actuacións do plan principal da rede viaria provincial se emprazan precisamente en concellos gobernados polo Partido Popular, e incluso

coas achegas do plan complementario, non se colman as demandas que son necesarias na rede de estradas provincial.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que logo da aprobación das bases, se formula o plan de cooperación ás obras e servizos municipais, coa achega dos concellos, e o plan da rede viaria provincial, cun importe de algo máis de seis millóns douscentos mil euros. Ademais o plan de cooperación contén a previsión de que os concellos poidan dedicar a subvención a recibir á amortización de débeda ou a determinados gastos correntes. A través do plan cada concello percibirá 51.000,00 € para empregalos ou ben en obras ou en determinados gastos correntes e amortización de débeda (base novena), e á que neste concepto se adhiren un total de 27 concellos. Respecto ao plan principal da rede viaria, indica que este conta cun importe dun millón e medio de euros, e conta con importantes investimentos como son as obras nos concellos de Pereiro de Aguiar, Monterrei, Castrelo de Miño ou Bande. Engade que se fai un importante esforzo para manter unha rede de estradas de máis de 1.800 quilómetros, e que o plan complementario contén igualmente unha serie de investimentos que, de existir crédito ao longo do exercicio, serán executados na medida do posible.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para dirixirse ao voceiro do grupo socialista e preguntarlle se o máis dun millón de euros que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil lle concedeu ao concello do Carballiño se iso lle parece xusto e equitativo, e pregúntalle que lle parece que todas as achegas e subvencións que dá este organismo vaian a concellos gobernados polo partido socialista. Engade que esta situación evidencia a falta coherencia no discurso do grupo socialista.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Manifesta en primeiro lugar que non debería falar de coherencia unha persoa que cambia de chaqueta cada día, e engade que non vai deixar de denunciar que un plan que debe ir destinado ao mantemento e mellora de toda a rede viaria provincial inclúa só a concellos gobernados polo Partido Popular. Pregunta a continuación que se os grupos da oposición non están para denunciar isto, a ver para que están. Engade que este deputado ten continuamente denunciado o estado da estrada que une San Amaro – Maside (estrada Valdepereira – Maside), especialmente no treito que une esta estrada co enlace á AG-54, e que unha vez máis, non se inclúe no plan de cooperación da rede viaria provincial.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sobre o indicado pola deputada Montserrat Lama sinala que debe ter razón, e que o grupo socialista emprega iso de “fai o que eu digo, pero non o que eu fago”, e que todos os investimentos da CH do Miño-Sil nesta provincia se destinan a concellos gobernados polo Partido Socialista, o que evidentemente, chama moito a atención.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais (Plan base) e da Rede viaria provincial para o exercicio 2022, co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

<b>PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS</b>			
	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>TOTAL</b>
1.- Obras municipais	3.094.000,00 €	357.369,10 €	3.451.369,10 €
2.- Adhesión á base 9ª	1.326.000,00 €		1.326.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.920.000,00 €</b>	<b>357.369,10 €</b>	<b>6.277.369,10 €</b>

<b>PLAN COMPLEMENTARIO</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLOS</b>	
Obras municipais	1.632.000,00 €	115.967,00 €	1.747.967,00 €
Rede Viaria Deputación	4.005.176,51 €		4.005.176,51 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

### **7º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE JOSÉ QUIROGA SUÁREZ COMO FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA A TÍTULO PÓSTUMO.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para felicitar aos fillos deste ilustre persoeiro e ao senador Álvaro Bautista que sempre defendeu esta figura que hoxe se reconece nesta Deputación.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta igualmente o seu respaldo a este recoñecemento.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que o seu grupo apoia esta proposta.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que lle gustaría que estivesen presentes os fillos de José Quiroga e únese á felicitación ao senador Miguel Bautista. Seguidamente dá lectura a un texto escrito por unha das fillas de José Quiroga, e na que describe ao seu pai do seguinte xeito: A de José Quiroga Suárez foi unha figura fundamental na historia democrática de Galicia e de Ourense. Un home nado en Petín hai xa 101 anos. Un valdeorrés e ourensán que destacou como médico por vocación e como político por devoción. Cun currículo envexable, foi premio extraordinario de medicina. Moi recoñecido polos seus veciños como un gran médico, “so con mirarche xa sabía o que tiñas” dicían os seus pacientes. Na Rúa e en Petín, a pesar do seu tamaño, era coñecido como Don Pepito, porque o seu pai era Don José, o médico de Petín. Tivo coa súa muller, Julia Gayoso Feliz, 9 fillos e 15 netos. Sempre se implicou nas actividades do seu pobo de nacemento e no de adopción, foi alcalde e presidente da cooperativa nos seus primeiros anos. Mesmo formou parte da primeira directiva que fundou o casino da Rúa. Estivo tamén ligado ao Instituto de Estudos Valdeorreses. Foi unha persoa moi culta, un gran lector, gran coñecedor da historia e un gran melómano, nisto marcárono os seus mestres de Petín desde neno. Cando acaba o franquismo, optou polo compromiso coa democracia e embárcase na política, que sempre lle apaixonou, para formar parte da UCD de Adolfo Suárez en 1977. Defendeu unha política de

acordos, de consenso con aqueles que non pensaban igual. Tiña moi claro que había que superar os enfrontamentos cainitas, os odios e os rancores que arrasaran o noso país. Sabía que había que aprender a convivir. Foi senador en tres lexislaturas e formou parte das cortes constituíntes que aprobaron a nosa constitución o 31 de outubro de 1978. Foi Presidente da Comisión de dereitos humanos do Senado, Secretario da Comisión de Sanidade, Portavoz de Grupo Parlamentario, Presidente da Comisión de Política Económica e Fiscal das Comunidades Autónomas. Tamén foi Membro da Comisión para o Estudo da Seguridade Social no Parlamento Europeo. Tra-la crise da UCD, Quiroga participou xunto a Garrigues Walker e Miguel Roca, na operación Roca, denominada a terceira vía. Posteriormente funda con outros ucedistas, un novo partido: Coalición Galega, da que foi deputado Autonómico. En Galicia, José Quiroga, en época do presidente Rosón, foi Conselleiro de Traballo e Conselleiro de Sanidade. En 1978 conseguiu que a sede da Consellería de Sanidade se establecese na cidade de Ourense. Nesa época as consellerías non estaban todas centralizadas en Santiago. Foi elixido presidente da Xunta de Galicia en 1979, ostentando o cargo ata 1981. No seu período de goberno tocoulle crear as bases das futuras institucións autonómicas. Non sen problemas, sacaron adiante o actual estatuto de autonomía, que se aprobou en 1980. O xurista Alfonso Villagómez, falando das dificultades do período preestatutario no Correo Galego, dixo del: “José Quiroga foi un home que, con gallardía e xenerosidade, non dubidou en coller coas mans o temón da idea autonómica, da que non poucos desconfiaban entón, como quen colle un barro informe, e convertela nunha idea útil, nun proxecto de convivencia futura”, que rexe a nosa autonomía ata hoxe. Para Quiroga foi unha honra e unha responsabilidade histórica, defender como presidente da xunta autonómica, a aprobación do estatuto de Galicia ante o senado, o 17 de Marzo de 1.981. No seu discurso, as súas últimas palabras recollen a transcendencia do momento histórico: “supón tan grande honra que, por si só, xustifica unha vida, aínda que dentro dela, todo o demais, sexa insignificante”. José Quiroga foi nomeado fillo predilecto de Petín, o recoñecemento que con maior agarimo gardaba na súa memoria. Para esta homenaxe, o presidente Adolfo Suárez, dedícalle estas palabras que o definen : “José Quiroga é un exemplo para seguir. Tanto nos cargos que ocupou como fóra deles. Foi unha referencia común de lealdade, tolerancia e sabedoría. Como o coñezo ben, di Suárez, podo falar do seu temple humano e das súas calidades políticas”.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Manifesta que ao longo da tramitación do expediente de darán a coñecer os méritos que atesoura o ilustre doutor e político don José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006), que foi o segundo presidente da Xunta de Galicia entre 1979 e 1982 e baixo cuxo mandato se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia. Engade que foi ademais unha figura fulcral no desenvolvemento do autogoberno de Galicia. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo: Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente para o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo, mediante a seguinte providencia do 4 de febreiro de 2022:

*“A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, tras unha reunión no Pazo Provincial coa alcaldesa de Petín, o alcalde da Rúa, e o senador Miguel Bautista, decidiu promover o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.*

*A Presidencia resaltou a transcendencia de José Quiroga, presidente da Xunta de Galicia entre 1979 e 1982, unha figura vital no desenvolvemento do autogoberno galego e a consolidación da institución autonómica: A Deputación Provincial que presido acolle con absoluta satisfacción e todo o impulso posible ese merecido recoñecemento a José Quiroga. Unha distinción formulada xunto coa alcaldesa de Petín e o alcalde da Rúa que, ao igual que a Deputación, a levarán aos seus respectivos plenos para iniciar o expediente para o nomeamento de fillo predilecto da provincia. Unha idea tamén acreditada polo senador Miguel Bautista”.*

*Esta homenaxe é froito da cooperación interadministrativa e transcende as dinámicas partidistas “para a Deputación é unha honra homenaxear deste xeito a un dos grandes prohombres da autonomía galega”, valorou o presidente da Deputación.*

*Ser o segundo presidente da Xunta ou ser quen lideraba o goberno autonómico cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia son motivos máis que suficientes para honrar unha traxectoria de vocación de servizo público, de compromiso e de presenza nas institucións.*

*Tamén é de salientar o traballo de José Quiroga a favor da consolidación da autonomía galega. Estas catro décadas de benestar e progreso e este protagonismo que hoxe ten Galicia no marco nacional foi grazas ao traballo de moitos homes e mulleres, de moitos executivos do goberno autonómico e singularmente do home que iniciou esta andaina.*

*De conformidade co artigo 10 do Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.*

*Polo exposto, **DISPOÑO**:*

*1º.- Incoar o expediente para o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.*

*2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Luís Fernández Fernández como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.*

*3º.- Solicitalle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

## **8º.- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA A DON JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): O instrutor do expediente indica que mediante providencia da Presidencia de data 10 de maio de 2021 (ratificada polo Pleno da Corporación na sesión do 28 de maio de 2021), e de conformidade co establecido no artigo 10 do Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial, incoouse o oportuno

expediente para o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense ao insigne profesor ourensán don José Paz Rodríguez, designándose a don César Manuel Fernández Gil, deputado provincial, como instrutor do expediente. De conformidade co artigo 11 do dito Regulamento, a dita providencia foi publicada no BOP e no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación, para recoller o para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste intelectual tan comprometido coa nosa provincia. O instrutor do expediente, en data 14 de febreiro de 2022, formulou a seguinte proposta:

*“O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias, conforme sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne profesor ourensán don José Paz Rodríguez, informa o seguinte:*

*Que, tendo en conta o acordo do pleno da Corporación Provincial, na sesión do 28 de maio de 2021, o presidente da Deputación, don Manuel Baltar, por providencia de data 10 de maio de 2021, dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión da MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA como homenaxe desta institución ao insigne profesor ourensán don José Paz Rodríguez.*

*Conforme co capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomeouse instrutor do expediente ao deputado don César Manuel Fernández Gil e como secretario deste ao asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión cultural e tamén na súa destacada implicación social.*

*Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación, para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste intelectual tan comprometido coa nosa provincia.*

*Recibidos suficientes escritos de adhesión, entre eles os do Cineclube Padre Feijoo ou mesmo da U. D. Ourense, a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, correspóndelle agora á Corporación Provincial en Pleno honrar a memoria dun home tan querido e admirado, para a imperecedoira constancia e a transmisión a futuras xeracións.*

**DECLÁRANSE ASÍ FEITOS PROBADOS:**

*Algunhas persoas desenvolven a súa carreira estritamente ligados á poboación que os viu nacer, e a súa actividade transcende fundamente os límites da provincia e contribúe a fomentar o coñecemento desta poboación a niveis insospeitados. Este é o caso do ourensán don José Paz Rodríguez.*

*O profesor Paz naceu na Corna, concello de Piñor (Ourense) o 12 de abril de 1948. Licenciouse en Pedagogía na Universidade Complutense de Madrid coa tese de licenciatura sobre “A Bemposta de Ourense” (1973) e doutorouse na UNED coa tese “Tagore, pioneiro da nosa educación”.*

*Foi profesor en Ourense entre 1969 e o 2010. Exerceu como mestre e pasou á Escola Normal de Ourense, da que foi subdirector e director no curso 1989-90. Docente na Universidade de Vigo, Facultade de Educación de Ourense e profesor na UNED de Pontevedra.*

*Durante máis de trinta anos foi unha figura destacada na cultura da cidade de Ourense, sempre moi ligado ao mundo do cine, principalmente a través do Cineclube Padre Feijoo, do*

*que foi directivo, e vogal coa Federación Galega de Cineclubes. Sobre o cinema é posuidor dunha biblioteca persoal de gran valor. Introduciu en Ourense o concepto de ludotecas, a través do programa “Ourense Lúdico” que organizou durante 18 anos coa colaboración da Deputación de Ourense. Complementou isto cunha importante implicación na Festa dos Maios, como impulsor e dinamizador desta importante celebración popular da cidade de Ourense, sobre a que publicou o libro A Festa dos Maios na escola (ASPGP, 1991) ou tamén cando liderou un grupo de influentes persoas da sociedade ourensá que acadou convencer ás institución de salvar o actual Teatro Principal para evitar usos privados e que pasara a formar parte da infraestrutura cultural pública.*

*Dedicou parte da súa vida a estudar a figura do Premio Nobel Rabindranath Tagore, chegando a reunir unha biblioteca de máis de trinta mil volumes sobre este intelectual universal sempre coa intención de que puidera constituír en Ourense un gran centro de estudo e pensamento tagoriano.*

*Foi colaborador con temas educativos e sobre Tagore en Todo Literatura, Revista Padres e Maestros, Agália, no que era membro do consello de redacción, Boletim da Academia Galega da Lingua Portuguesa, Raigame, O Ensino, do que foi director para Galicia, das revistas lusófonas Nós e Cadernos do Povo, nos que tamén formaba parte do consello de redacción. Exerceu como columnista en La Región, Nós Diario, A Nosa Terra, El Correo Gallego, Portal Galego da Lingua, A Peneira, Faro de Vigo, Tempos Novos, etcétera.*

*Foi impulsor e redactor de destacadas Unidades Didácticas sobre Os magostos, Os dereitos humanos, A paz, O entroido, As árbores, Os maios, A muller, O medio ambiente ou mesmo sobre Celso Emilio Ferreiro, Carvalho Calero, San Bernaro, ou O Cister en Ourense...*

*Destacou nas actividades educativas e de renovación pedagóxica, sendo presidente da Federación Galega de MRPs (movemento de renovación pedagóxica) e do MRP “ASPGP” (Asociación socio-pedagoxica galego-Portugues). Membro da comisión organizadora do I Congreso Estatal de MRPs (Barcelona, 1993); membro da comisión redactora do Plano Galego de Formación Continuada do Profesorado (1990); presidente da Comisión organizadora da Escola Internacional de Verán “Xornadas do ensino da Galicia e Portugal durante 27 edicións; presidente das comisión organizadora das Escolas de Verán na Coruña, Ferrol, Tui-Comarca do Baixo Miño, Verín-Comarca de Monterrei, Monforte, Corcubión, Lalín, Vimianzo; igualmente das Jornadas Socioeducativas de Valdeorras, Ribadavia, Celanova, Pontevedra. Foi organizador de varias edicións da mostra do Livro Portugues na Galiza, da Mostra de Recurso Didácticos, do Encontro de Xogos Populares Galaico-Portugueses*

*Destacou tamén como un importante defensor da corrente lusista, como membro de AGAL e da Academia Galega da Lingua Portuguesa, colaborador activo do Portal Galego da Lingua no que se encargaba da sección “Aulas de Cinema”. Tamén exerceu como Decano do Colexio Provincial de Doutores e Licenciados de Ourense entre 1980 e 1985.*

*O profesor José Paz finou en Vigo, debido a unha longa enfermidade, o 23 de abril de 2021.*

**CONSIDERANDO POIS:**

*Que as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no profesor José Paz Rodríguez, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social como económico.*

*Que, sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a don JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ as honras previstas no noso Regulamento.*

*Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación Provincial a seguinte*

*PROPOSTA:*

*Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado profesor e pedagogo ourensán DON JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle a título póstumo, a MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria cultural marcada polo seu carácter renovador no ensino e reivindicativo no idioma que o converteu nun referente tanto dentro como fóra dos límites da nosa provincia.*

*Elevarlle a presente proposta ao Pleno da Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede”.*

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que votará a favor desta proposta e que non en nada máis que engadir despois da intervención do instrutor do expediente.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra para manifestar o voto favorable do grupo do BNG.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza felicitando ao instrutor do expediente polo retrato tan fiel á realidade que fixo da figura de José Paz Rodríguez. Reitera o voto favorable a esta proposta e que lle resulta curioso que el sempre citaba o epitafio de Ben Cho Sey cando dicía que as homenaxes e recoñecementos deben ser en vida e que el agora vai votar a favor deste recoñecemento precisamente cando José Paz xa non está entre nos.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que no pleno do mes de maio de 2021 os deputados e deputadas do grupo socialista xa amosaron co seu voto a favor o seu apoio ao inicio do expediente para este recoñecemento, e que agora van volver a apoiar o outorgamento proposta, indicando que se trata dunha homenaxe a unha persoa extraordinaria e de gran importancia para a defensa da nosa lingua e a nosa cultura. Reitera a petición do seu grupo para que desde a Deputación se inicien os trámites para a adquisición pola Deputación da súa biblioteca e para que se cree un centro Tagore aquí en Ourense. Para rematar lembra as palabras de Tagore onde dicía que *“la muerte no es apagar la luz, es sólamente apagar la lámpara porque ha llegado el amanecer”*.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:  
Outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao insigne profesor ourensán don José Paz Rodríguez, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente en data 14 de febreiro de 2022, que consta no expediente,

**9º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, SOLICITANDO A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE (ETAP) EN SAN ESTEBAN E TOMA DE AUGA DO RÍO MIÑO PARA ABASTECIMIENTO DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, NO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DE MIÑO.**

Trala ratificación previa, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá conta da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o BNG vai apoiar esta proposta, por un lado porque se trata dunha competencia municipal e polo outro porque é un problema recorrente neste concello a contaminación da auga por arsénico, polo que agarda que se poida mellorar esta problemática con esta delegación.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que votarán a favor desta proposta de delegación por motivos coincidentes aos xa sinalados.
- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Ademais do xa indicado, sinala que o grupo socialista en Castrelo de Miño leva reclamando e traballando contra esta problemática, e que se trata dun asunto urxente e necesario.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Indica que se trata dunha colaboración máis desta Deputación cos concellos da provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Castrelo de Miño, para a tramitación do expediente expropiatorio para a construción da Estación de

Tratamento de Auga Potable (ETAP) en San Esteban e toma de auga do río Miño para abastecemento do Concello de Castrelo de Miño, no termo municipal de Castrelo de Miño.

2.- Requirirille ao Concello de Castrelo de Miño para que mediante a sinatura dun convenio en materia expropiatoria coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A PARALIZACIÓN DA PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO PRESTADO POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE NOS MUNICIPOS DA PROVINCIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención expondo a iniciativa política do seu grupo, na que se indica que o artigo 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, determina que todos os municipios deberán prestar os servizos de “iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”. Ademais, nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, tamén será obrigatorio a existencia de “parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos”. No caso de Ourense, onde a maioría dos municipios son de pequena poboación e escasos recursos, é a Deputación Provincial quen executa as tarefas de recollida e tratamento de residuos, ante a imposibilidade de facelo *motu proprio*, pola ausencia de recursos económicos na meirande parte dos casos. Actualmente, este servizo de recollida e transferencia de residuos en réxime de competencia delegada abarca 74 dos 92 concellos da provincia: o 80 % do total. A Deputación ourensá tamén realiza a recollida selectiva de envases lixeiros en 17 concellos; de papel e cartón en seis concellos e de vidro noutros nove concellos. Igualmente asume o servizo de punto limpo en 64 concellos. Os medios materiais suman neste momento 40 vehículos, uns 18.000 contedores, 17 puntos limpos e 11 plantas de transferencia, sendo medios propios desde a súa xénese. Pero o actual goberno provincial pretende privatizalo á forza. Os argumentos aportados para motivar este cambio son pasaxeiros e de carácter exclusivamente político. Os informes tampouco conclúen beneficios para a veciñanza e os

traballadores; melloras na sostenibilidade económica para as administracións públicas ou o incremento da eficacia e a eficiencia con este cambio de modelo do servizo. Unha transformación desta profundidade non pode acordarse sen a obrigada participación de todas as administracións locais, cidadáns, expertos, representantes sindicais e de todos os grupos políticos. O PSdeG-PSOE de Ourense considera que fin último deste proceso ultraprivatizador de PP e DO –que xa foi tombado no pasado– é recortar as prestacións que reciben dous terzos dos habitantes da provincia, pasando dun servizo universal de carácter público a un negocio privado que unicamente buscará o beneficio económico daqueles que decida o goberno provincial. Resulta evidente que, como xa sucedeu noutros casos de privatizacións similares, un cambio tan substancial traería novos problemas, obstáculos e prexuízos para as zonas e persoas afectadas. Os e as socialistas consideran escandaloso que o goberno de Manuel Baltar e Gonzalo Pérez Jácome, logo de acumular, durante os últimos dous anos, actos relacionados coa pandemia da Covid-19 en merecido recoñecemento ás vítimas, sectores económicos máis afectados ou traballadores e traballadoras que nunca pararon durante os peores momentos da pandemia –como son os servizos de recollida do lixo ou da limpeza–, sexan agora desprezados, vilipendiados e subestimados polos responsables políticos da institución provincial con esta decisión unilateral. Hai que recordar que a Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, supón regularizar situacións de temporalidade que afectan ao persoal público afectado a este servizo. Na actualidade, traballan na recollida de residuos 78 persoas con dedicación exclusiva, a meirande parte deles, persoal laboral temporal. O grupo socialista está radicalmente en contra da decisión da Deputación Provincial de converter o servizo público nun sistema privado baseado no negocio dunha sociedade mercantil, algo incompatible cun servizo universal e de calidade. Esta decisión suporá un retroceso na xestión; un empeoramento do servizo e un encarecemento da súa prestación. Por iso insistimos en manter o noso compromiso con todos os veciños e veciñas de Ourense, garantíndolles os servizos públicos e dereitos adquiridos. Fronte ao criterio exclusivamente economicista dos conservadores e conservadoras e logo de manter encontros cos empregados, empregadas, técnicos e técnicas e representantes sindicais, o grupo provincial do PSdeG-PSOE defende que o modelo adecuado para o interese público é a xestión directa, dadas as vantaxes en termos de eficacia, eficiencia, custo e beneficios sociais e ambientais. É fundamental reforzar este servizo dándolle un pulo

público e non impoñendo un carácter mercantil, con ánimo de lucro, menos transparente, menos sostible e nada participativo. As políticas do goberno da Deputación Provincial deben facer efectivo o dereito de centos de miles de veciños e veciñas a ter unha recollida do lixo eficiente, sostible e estable sendo, ao mesmo tempo, un servizo respectuoso coas competencias municipais. As entidades locais deben ter plena capacidade de decisión en todo o proceso, pois son elas as titulares. Tamén queremos impulsar unha mellora das condicións do persoal público que realiza estas tarefas de recollida de residuos, co fin de acabar coa precarización laboral; para cubrir todos os efectivos necesarios; para mellorar os tempos de recollida ou para promover unha renovación dos medios materiais e tecnolóxicos, co fin de adaptalos aos novos requirimentos legais, medioambientais e sociais. Desde o PSdeG-PSOE defendemos un modelo público, impulsado a través de melloras económicas e materiais. Iso só se consegue, como demostrou a recente crise da pandemia da Covid-19, fortalecendo os servizos públicos e nunca a través da súa privatización. Os representantes da cidadanía debemos garantir a non privatización. Queremos que todos os traballadores e traballadoras teñan e sigan tendo a consideración de empregados públicos. En definitiva, queremos asegurar o mantemento en mans públicas deste servizo básico e que o goberno provincial de Partido Popular e Democracia Ourensana evite calquera proceso de externalización cara empresas privadas no presente e no futuro. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes propostas de acordo: 1. Instar ao Goberno provincial de Partido Popular e Democracia Ourensana a paralizar definitivamente o proceso de privatización do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada. 2. Instar ao Goberno provincial de Partido Popular e Democracia Ourensana a reforzar o servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta, en réxime de competencia delegada, cun modelo de xestión integral baseado nunha xestión pública cento por cento, non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sostible e que faga plenamente efectivo o dereito dos centos de miles de veciños e veciñas a ter un servizo eficiente, sostible e estable. 3. Instar ao Goberno provincial de Partido Popular e Democracia Ourensana a paralizar calquera decisión ou a absterse de adoptala no futuro, que supoña un retroceso, externalización ou privatización da xestión do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, así como o empeoramento das prestacións e un encarecemento dos

custes para a veciñanza. Para concluír sinala que non se pode acabar deste xeito cun servizo público, cando se fixo un esforzo importantísimo por esta Deputación e polos concellos adheridos, privatizando o mesmo, e actuando totalmente á marxe dos concellos. Sinala que se trata dunha decisión política do grupo de goberno do PP e de DO, e quen non deben ampararse nos funcionarios para unha toma de decisión que é exclusiva e unicamente adoptada polo grupo de goberno. Engade que o seu grupo vai intentar parar esta decisión tanto desde esta bancada socialista como desde os propios concellos, e que cando chegue o ano 2023 e estea gobernando esta Deputación o grupo socialista, non permitirán que este servizo deixe de ser iso, un servizo público.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que ela está totalmente lexitimada para tomar decisións libremente e votar, ao igual que para representar aos seus compañeiros dos concellos de Punxín, Maceda, Taboadela ou Vilar de Barrio e que abandonaron a disciplina dun determinado partido político. Sobre o punto da orde do día, indica que se trata dun modelo de xestión avaliado polos informes dos funcionarios desta Deputación e que vai ter o seu voto favorable xa que o considera a mellor saída aos novos retos que se aveciñan neste eido. En todo caso sinala que non se cansará de criticar o dobre discurso do grupo socialista que en determinados concellos defende a privatización, como no Barco de Valdeorras, e na Deputación faga un discurso radicalmente oposto, o que semella que na Deputación só buscan a confrontación e o conflito.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza expondo que neste asunto o seu grupo ten o voto moi claro, e que o pode defender desde a coherencia. Segue incidindo en que algo que funciona, tal e como manifestan a maioría dos alcaldes que teñen delegado o servizo na Deputación, non se debe mudar. Si que é mellorable obviamente, como todo, en particular no relativo aos medios técnicos e sobre todo ao cambio de paradigma no ámbito da xestión dos residuos a nivel galego, onde a cantidade de residuos reciclados so acada o 12 %, e incluso a nivel estatal. Engade que este asunto xa foi debatido neste pleno en anteriores ocasións e que a postura do BNG vai ser a mesma, en contra da privatización, e apostando polo mantemento do seu carácter público, razón pola que apoiarán a moción do grupo socialista.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza a súa intervención dirixíndose ao voceiro do grupo socialista ao respecto da súa afirmación de que o grupo de DO non deba ser transcendente nesta decisión xa que o concello de Ourense non ten o servizo delegado,

lembrándolle que este partido político ten un concelleiro en Pereiro de Aguiar, que forma parte do grupo de goberno, e que este concello ademais ten o servizo municipal delegado na Deputación. Insiste en que esta decisión se adopta para implementar un proceso de transformación deste servizo e facerlles fronte aos novos retos de futuro ofrecendo unha máis moderna e eficiente prestación deste servizo. Destaca como un dos novos retos a redución do peso dos residuos nas porcentaxes esixidas, ampliar a recollida separada aos bioresiduos ou facer unha recollida selectiva máis ambiciosa. Indica que neste tipo de debates deben evitarse certos apriorismos ideolóxicos e centrarnos na mellor fórmula de xestión do servizo. Na xestión indirecta o servizo segue a ser de titularidade pública e a xestión cos usuarios mantense na administración. A adquisición de maquinaria, os custos de explotación ou os custos salariais, son máis competitivos desde a xestión privada. A continuación pregúntalle ao voceiro socialista onde está a coherencia se hai servizos públicos como o saneamento que no concello onde o goberno se xestiona por unha empresa privada e xa están coa segunda prórroga do contrato, quedando claro que o grupo socialista vota a favor ou en contra da xestión indirecta dependendo de se están no goberno ou na oposición, pondo como exemplo ao deputado provincial e concelleiro no Barco de Valdeorras, que no seu concello mantén a unha empresa xestionando este mesmo servizo. Por último sinala que se trata dunha decisión absolutamente legal e que, neste intre, este goberno provincial decide tomar, polo que pide que se respecte e acepte esta decisión avaliada polos informes da área de medio ambiente provincial.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda comeza sinalando que o voceiro do grupo popular non deu absolutamente ningún dato, e o único que fixo foi valorar as opinións dos demais e faltando ao respecto. Sinala que unha cousa é que veñas cunha herdanza dunha xestión privada e outra que decidas unilateralmente mudar un servizo público e que funciona moi ben. Insiste en que diga unha soa acta na que o grupo socialista defendese unha postura diferente á que defende agora respecto deste servizo, mentres que hai moitas nas que o grupo popular defendía e louvábase da súa xestión directa. Lembra que este servizo intermunicipal e de xestión pública creouse pola Deputación cando o voceiro do grupo popular non estaba nesta corporación, pero que el si estaba. Respecto ao informe da área de medio ambiente, sinala que este foille solicitado polo grupo de goberno e non foi emitido de *motu proprio*. Este servizo é o único diferenciador respecto das outras deputacións galegas, e a privatización non vai implicar que os concellos teñan máis fondos nin vai

repercutir nos concellos, como si sucede nas outras deputacións de Galicia. Como exemplo sinala que a Deputación de Pontevedra ven de investir 600.000,00 euros na piscina climatizada do concello da Cañiza, mentres que esta Deputación achegou 0 euros para a piscina climatizada do concello do Barco de Valdeorras. Pregunta a continuación se no concello do Barco houbo algunha petición do grupo popular para que o servizo pasase a esta Deputación, aclarando que iso si que é unha mostra da incoherencia deste grupo popular.

2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que a intervención do voceiro do grupo socialista é unha mostra de falta de respecto e de desprezo para os deputados que non comparten os seus argumentos. Insiste en preguntarlle ao grupo socialista polas subvencións que a CH do Miño-Sil ven de conceder aos concellos do Carballiño, Xinzo de Limia, Barbadás, Taboadela, Amoeiro e Vilamartín de Valdeorras, todos eles gobernados polo Partido Socialista, así como por que reiteradamente se contrata a unha empresa ligada a este partido nos concellos gobernados polo Partido Socialista.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda insiste en que este servizo, con xestión pública, está a funcionar razoablemente ben e que debería poder fronte aos novos retos que se nos aveciñan, en particular á diminución na cantidade de residuos e na forma de xestión destes. Como exemplos da xestión directa apunta tamén os concellos de Allariz ou Verín, onde este modelo de xestión pública tamén se está a amosar como unha boa forma e modelo de xestión do servizo de recollida de residuos. Finalmente indica que se terán novas ocasións de debater sobre este asunto xa que moitos dos trámites do expediente de contratación e do cambio de modo de xestión deberán ser tratados novamente neste pleno.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza indicando que o informe da área de medio ambiente non o pide o grupo de goberno senón que o obriga a lei que regula a tramitación do expediente. Os técnicos con competencias neste asunto veñen obrigados a analizar as propostas que se realicen desde os órganos de goberno sobre a xestión do servizo, como é lóxico. Respecto aos datos, sinala que os 86 traballadores do servizo representan 32.900 días de contrato ao ano, e en 2021 os días de contrato con baixa laboral foron un 18,8 % desta cifra, polo que o servizo de RRHH da DPO tivo que traballar para cubrir todas estas horas, ben mediante substitucións ou ben mediante horas extraordinarias. Seguidamente pregunta onde están o I + D, a experiencia, a innovación ou os técnicos máis expertos, respondendo que están nas empresas privadas, razón pola que se pretende apostar por un modelo de colaboración público-privada para a xestión deste servizo intermunicipal.

- quenda de peche de Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Conclúe o debate insistindo en que o voceiro do grupo popular non deu ningún dato, e que unicamente se dedicou a insinuar que os traballadores do servizo son uns vagos e que só se dedican a coller baixas, e que estas afirmacións llelas vai ter que explicar. Insiste en que se este é o único argumento para privatizar, vai ter aínda máis en contra ao grupo socialista. Insiste en que este servizo desde o público se pode xestionar mellor, e que ata hai pouco o grupo popular opinaba o mesmo. Apunta que este servizo se vai encarecer coa xestión privada, e con isto as taxas que deben pagar os veciños da provincia pola recollida do lixo. Remata indicando que el ven debater, co máximo respecto, dos diferentes grupos políticos e voceiros, pero que as psicofonías deben quedar para outros ámbitos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1), e da deputada non adscrita.

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DA DIAGNOSE, VALORACIÓN, SEGUIMENTO E TRATAMENTO DA SILICOSE EN OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción. A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención expondo a iniciativa política do seu grupo, na que se indica que a silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás á minería, un área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia. En Galicia a presenza desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presenza máis notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e no Porriño. Concretamente, Valdeorras é a zona do Estado que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída. Nesa zona prodúcese ao redor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do total da produción nacional. A lousa é un sector vital e estratéxico para a comarca de Valdeorras, pero tamén para toda a provincia de Ourense, ao funcionar como un elemento dinamizador do entorno rural, así como polo

dinamismo que achega a outros sectores económicos. Actualmente ocupa uns postos directos e 10.000 inducidos. Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose (INS) destacaba o crecente número de casos procedentes de Galicia, que se achegaban as súas instalacións localizadas en Oviedo, en concreto, nas áreas con canteiras de lousa e pedra. Como anteriormente referimos, a silicose afecta aos traballadores e traballadoras que teñen contacto con partículas de sílice en suspensión. Por iso son os traballos executados en canteiras, graveiras e areeiras onde a presenza de persoas afectadas ten unha maior proporción, segundo aseguran os sindicatos con presenza no sector e tamén estudos realizados neste sector por parte do INS. No informe ‘Novos casos de silicose no sector da lousa’ realizado polo INS, obsérvase con claridade a evolución no número de casos detectados durante a década que abarcou o estudo, pasando de 14 no 2008 a 126 no 2018. Este instituto especializado detectou 126 novos casos en 2018, 92 no 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo eses datos, dos 41 traballadores en activo diagnosticados con pneumoconioses simple, a maioría proceden do sector da lousa. Ademais, varios presentan enfermidades intercorrentes como cardiopatías, TPR ou EPOC. Outros que proveñen do sector do granito e que traballan en naves de elaboración, presentan EPOC como enfermidade intercorrente. A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen esta enfermidade traballaron nas louseiras. Os rexistros que manexa o Instituto Nacional de Silicose indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos de todo o Estado español desta enfermidade e das súas derivadas, cunha incidencia moito maior que León e Asturias. Os sindicatos e as mutuas proporcionan informes sobre o estado das persoas afectadas pola silicose, pero ese traballador deberá desprazarse ata o Instituto Nacional de Silicose en Asturias, onde se procederá a avaliar o seu estado. Antes acudían ao centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, mais na actualidade acoden ao Hospital Universitario Central de Asturias (HUCA), no que se integrou o INS, que é unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral. A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo grazas ás xestións realizadas, de xeito gratuíto, polos sindicatos do sector. Ante o agravamento da situación, cunha multiplicación por dez no número de casos de silicose e afectando a traballadores e traballadoras cada vez máis mozos, os empresarios, empresarias e o sindicato UGT, asinantes do convenio colectivo de traballo de lousa de Galicia para os anos 2020-2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, incluíron

un compromiso moi elocuente no seu artigo 46: *“as partes firmantes do presente convenio, comprométense a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación dun centro de referencia ou organismo similar de ámbito galego, para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da Lousa”*. Así pois, o Grupo Provincial Socialista recolle esta necesaria reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal, trasladada en firme ao convenio colectivo do sector, co fin de evitar traslados de traballadores e traballadoras ata Oviedo, debido aos custes económicos e persoais que iso supón e dada a incidencia do problema na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e no Porriño. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia á creación de dúas unidades de referencia dentro da rede pública do Servizo Galego de Saúde –unha en Ourense e outra en Pontevedra– para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e da pedra. 2. Instar á Xunta de Galicia á posta en marcha dun programa integral de silicose que conte ca participación das consellerías con competencias nesta materia –Emprego, Sanidade e Industria–, con liñas concretas de actuación en formación; protocolos de actuación ou seguimento e control da actividade e investigación, no que se establezan, como principios orientadores, a participación consensuada e activa de tódolos actores implicados (sindicatos, patronal, ISGA, servizos de prevención e mutuas, INSS, TGSS, sociedades científicas, etc.). 3. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, á implantación no Hospital Comarcal de Valdeorras dunha unidade de pneumoloxía, coordinada coa do hospital de referencia na provincia, para o seguimento periódico de doentes, debido á incidencia de casos de silicose. 4. Instar á Deputación Provincial de Ourense a asumir publicamente o compromiso de defender os intereses e necesidades da veciñanza de Ourense, esixindo á Xunta o cumprimento das xustas peticións enumeradas nos puntos anteriores. Remata indicando que esta é situación na que nos atopamos no día de hoxe que afecta a gran parte do persoal que traballa no sector da lousa na provincia de Ourense, e como datos facilitados polo Instituto Nacional da Silicose, apunta que en España nos últimos 3 anos se detectaron 654 casos, dos que 334 corresponden ao sector da lousa e deses 654 se deron en Galicia 288 ( o 44 %), e deles 238 no sector da lousa (215 na provincia de Ourense). Todo isto se traduce en que 1 de cada 3 novos casos en España se detecta en Ourense, de aí a importancia deste asunto e

desta moción que hoxe trae o grupo socialista.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Diríxese ao voceiro socialista Gómez Pérez para indicarlle que os cerebros baleiros fan máis ruído que os cheos, pedíndolle que reflexione sobre isto. Respecto da moción, indica que a vai apoiar por compartir todos e cada un dos seus argumentos.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o grupo do BNG vai apoiar esta moción nun tema tan importante e que afecta a un ben primordial como é a saúde. A única observación que fai e porqué non a creación desa unidade de referencia no Hospital de Valdeorras por ser o punto crítico tal e como se desprende dos datos achegados. En todo caso sinala que o seu voto será favorable á moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Adianta igualmente o voto favorable do seu grupo a esta moción, nun tema que tanto afecta á provincia de Ourense, concretamente no sector da extracción e corte da lousa na comarca de Valdeorras. Conclúe que debemos empatizar co sufrimento das familias que a sofren e que por isto se van apoiar todas as propostas de acordo da moción.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Comeza indicando que se alegra de que se vaia adoptar un acordo unánime sobre unha patoloxía que afecta en particular a esta provincia e á comarca de Valdeorras, se ben entende que quizás debера tratarse en primeiro lugar no Parlamento de Galicia polo seu ámbito supraprovincial e incluso nacional do asunto, e máis se temos en conta que tamén existe moita incidencia na provincia de Pontevedra no ámbito territorial Vigo-Porriño. Engade que nos últimos anos se empezan a percibir novas profesións con afeccións de silicose como pode ser a dos protésicos dentais. Sinala que o Instituto de referencia a nivel nacional (o UCA) está en Oviedo, e que a principal vía para frear a enfermidade é a prevención, da que nada se dixo neste debate. Ademais os datos amosan un descenso no número de casos detectados nos derradeiros anos, especialmente desde o ano 2018. Sobre a petición da creación de dúas unidades de referencia (Ourense e Pontevedra), matiza que xa actualmente o SERGAS está a facer e desenvolver proxectos específicos para enfermos de silicose, así como campañas de prevención. Ademais dentro do Consello de Saúde e Seguridade Laboral de Galicia existe un grupo de traballo desta doenza. Remata indicando que a rede do SERGAS garante actualmente o tratamento axeitado para todos os doentes desta enfermidade, e que existe unha liña de axudas para campañas de

prevención para as empresas do sector. Todo o anterior o apunta sen prexuízo de apoiar a moción do grupo socialista e as súas propostas de acordo.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que esta iniciativa política dos socialistas foi tamén presentada no Parlamento de Galicia por dúas vías, pola vía de Tralaballo e pola vía de Sanidade, e engade que unha delas foi defendida onte precisamente, e foi rexeitada, polo que se alegra moito de que neste pleno vaia ser aprobada. Respecto á petición do grupo do BNG indica que non consideran o máis acaído que a unidade de referencia estea no Hospital de Valdeorras, xa que este non conta con servizo de pneumoloxía, polo que unha vez valorado e falar cos expertos, parece máis razoable que o dito centro de referencia estea no CHUOU. Por último agradece o apoio de todos os grupos a esta moción.

- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Indica que efectivamente debemos alegrarnos todos deste acordo unánime. Respecto da iniciativa do grupo socialista no Parlamento de Galicia, indica que un tema tan importante debера ser levado directamente ao pleno e non a través da comisión quinta, como se fixo. Insiste en que se están mellorando as condicións de traballo dos traballadores do sector e que a prevención debe ser a base da diminución da incidencia desta enfermidade.

- quenda de peche de Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Insiste en que os traballadores teñen dereito a unha vixilancia da saúde periódica e que sería moi importante que se profunde neste eido, e no tratamento da enfermidade, unha vez detectada. Insiste en que esta petición debера tamén saír adiante no Parlamento de Galicia xa que se trata de reivindicacións xustas e que o SERGAS pode asumir desde o punto de vista económico.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á creación de dúas unidades de referencia dentro da rede pública do Servizo Galego de Saúde –unha en Ourense e outra en Pontevedra- para a diagnose, detección, valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa e da pedra.

2º.- Instar á Xunta de Galicia á posta en marcha dun programa integral de silicose que conte coa participación das consellerías con competencias nesta materia –Emprego, Sanidade e Industria-, con liñas concretas de actuación en formación; protocolos de actuación ou seguimento e control da actividade e investigación, no que se establezan, como principios orientadores, a participación consensuada e activa de todos os actores implicados (sindicatos, patronal, ISGA, servizos de prevención e mutuas, INSS, TXSS, sociedades científicas, etcétera).

3º.- Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, á implantación no Hospital Comarcal de Valdeorras dunha unidade de pneumoloxía, coordinada coa do hospital de referencia na provincia, para o seguimento periódico de doentes, debido á incidencia de casos de silicose.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a asumir publicamente o compromiso de defender os intereses e necesidades da veciñanza de Ourense, esixíndolle á Xunta o cumprimento das xustas peticións enumeradas nos puntos anteriores.

**12º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA QUE O SECTOR BANCARIO GARANTA UNHA ATENCIÓN DIGNA AOS SEUS USUARIOS.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza expondo a iniciativa política do seu grupo na que se sinala que xa en abril de 2021 unha moción do BNG ante este Pleno alertaba do que estaba acontecendo e das graves consecuencias de exclusión financeira para a poboación con menos habilidades dixitais, e con ela os problemas de exclusión social. Neste senso acadábase un acordo deste pleno, que soamente non foi respaldado por Democracia Ourensana coa súa abstención, para en primeiro lugar: instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricións de servizos, pacto de horarios para limitar

os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal. En segundo lugar: impulsar ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia un estudo para avaliar as características e graos de exclusión financeira da poboación galega, e singularmente a vulnerabilidade das persoas máis maiores, de cara a impulsar mecanismos que a minoren. En terceiro lugar: expresar o apoio da Corporación Provincial ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias da Provincia para demandar o mantemento dos servizos. E por último: trasladar este acordo a dirección do Banco Santander, CaixaBank, e BBVA para que reconsidere a súa decisión do peche de oficinas e manteña o servizos á súa clientela. Na moción presentada en Abril analizábase e advertíase da profunda transformación do sector bancario nos últimos tres lustros, acelerada baixo as coartadas da crise financeira de 2008 e máis recentemente da pandemia da covid-19, o que está a ter múltiples consecuencias nos ámbitos económicos e sociais. A constante oligopolización do sector trouxo canda sí unha redución do número de entidades, a bancarización das estruturas e tamén unha forte operación para a redución de custos que trae un adelgazamento da estrutura de persoal e da rede de oficinas presenciais. Así mesmo, nos últimos anos as entidades teñen focalizado a súa actuación na colocación de produtos e impuxeron unha axenda de dixitalización que non contempla a realidade social e económica dos territorios nin as necesidades presenciais que a cidadanía e os negocios teñen. Porén nese contexto, a reacción do goberno galego, no lugar de impulsar mecanismos públicos alternativos e unha férrea de defensa das e dos consumidores, foi o de regalar fondos públicos (3 millóns de euros) á entidade Abanca para que instale caixeiros ao tempo que está a reducir caixeiros, oficinas e postos de traballo no noso país (incrementando as súas ganancias nun 101,9% no 2021 ata os 323,3 millóns de euros, mentres pechaba 50 sucursais neste mesmo ano, mais dun 10% das que tiña). Todo isto despois de máis dunha década de reestruturación bancaria no que os gobernos centrais de PP e PSOE tiveron un papel fundamental. Nos últimos anos, ao fio da pandemia, o proceso de destrución de emprego e servizos tense acelerado, como amosan os múltiples ERE do Santander, Caixabank, BBVA, Abanca, etc. Recentemente, o Banco de España informaba nos seus últimos datos,

publicados en xaneiro de 2022 respecto do mes de setembro de 2021, de que a banca a nivel do Estado español pechara o 10% das súas oficinas nun ano, atopándose nun mínimo histórico desde o ano 1977, deixándoas en 20.421. Respecto do ano 2008, ano no que se atopaban en máximo histórico, o descenso é de case o 56%. Galiza foi a terceira comunidade, despois de Castela e León e de Cataluña, que máis entidades pechou, cun descenso do 14,70% que se traduce no peche de 189 oficinas, que se suman aos peches da última década. Porén Galiza é a que maior dispersión poboacional ten, e onde o número de maiores de 64 anos anos por cada 100 menores de 16 é moi superior ao resto desta comunidades citadas. Así mesmo, o pasado 25 de xaneiro de 2022 o “Defensor del pueblo” pronunciábase respecto da necesidade de facilitar a accesibilidade á atención presencial cando sexa necesaria e unha linguaxe de fácil comprensión no proceso de dixitalización. Facía referencia tanto ás administracións públicas como tamén ao sector bancario, avanzando que se dirixiría ao Banco de España como entidade supervisora para que solicite ás entidades a atención presencial a aquela clientela que o demande, singularmente a aquelas persoas que non contan cos medios, dispositivos ou habilidades para acceder a servizos dixitalizados e caixeiros automáticos. Esta demanda sucede ademais nun momento no que se incrementaron denuncias de persoas xubiladas que están a recoller sinaturas para poñer fin á situación de falta de servizos que afecta singularmente á xente de maior idade. Cabe sinalar que neste ámbito son cada vez máis as denuncias pola falta de autonomía e privacidade financeira á que levan a normalización de que sexan terceiras persoas quen xestionen os seus servizos de banca virtual porque acaba sendo a solución imposta para evitar a exclusión financeira total e absoluta. E as cativas medidas tomadas nestes días derivan da presión mediática de parte dos usuarios, e do voluntarismo da entidades ante unha mala publicidade, pero que non garante non volver ao inicio unha vez pase de “moda mediática”, nin avanzar na liña demandada polas asociacións de usuarios de banca e caixas de aforros, que ben sendo o que demanda calquera persoa con sentido común. Sendo pois precisas garantías para o mantemento dun servizos básicos imprescindibles. Esta situación, pola evolución demográfica do noso País e desta provincia, aféctanos especialmente, e a Xunta de Galiza debe abandonar a súa convivencia coa gran banca para esixir dereitos para a cidadanía. Cabe recordar que

o mesmo tempo os recursos financeiros aforrados polos veciños desta provincia nas mesmas entidades que os abandonan é de case que 9500 millóns de euros. Para actuar con determinación na protección inmediata das persoas, diante do aumento da exclusión financeira e as dificultades de acceso a servizos bancais presenciais impulsando as seguintes medidas. Xa que como podemos observar dende o mes de abril, non podemos dicir que as demandas acordadas no Pleno tiveran especial eco para as entidades bancarias e os propios Gobernos do Estado e Galego, senón mais ben ó contrario, cunha precarización dos servizos. As proposta de acordo desta moción son as seguintes: 1. Reiterar os acordos acadados no pleno de abril de 2021. 2. Solicitar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado Español, que desenvolvan a lexislación necesaria para garantir atención persoal a todo usuario que o precise en horarios legalmente establecidos (cun mínimo legal diario de 6 horas de caixa aberta nos días laborables), non só a persoas con poucas habilidades dixitais, senón tamén ás persoas de zonas con dificultade de acceso a internet. E impedindo a imposición de contías mínimas superiores os 100 euros nas cantidades a retirar por caixa. 3. Instar á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos. Dando unha falsa sensación de mantemento dos servizos, cando en moitos dos casos este modelo ven ser un substituto das propias oficinas bancarias preexistentes neses Concellos. 4. Demandar do goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras. 5. Demandar a modificación da lei de servizos de pagos para establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico. 6. Instar ao Parlamento de Galiza a promover unha lei de reforma do sistema financeiro que evite que os bancos, da noite para a mañá, pechen sucursais en zonas estratéxicas, sexa no rural, sexa nos barrios das cidades, deixando tirados veciños, comerciantes, empresarios e demais usuarios. 7. Demandar da Xunta de Galiza impulsar novas fórmulas de participación pública da economía, a comezar polo impulso dun Instituto Galego de Crédito como entidade pública empresarial adscrita á consellaría competente en materia de economía, con personalidade xurídica propia, para contribuír ao impulso da

reactivación económica galega e do acceso a crédito e financiamento dos sectores produtivos e innovadores e, particularmente das pequenas e medianas empresas autónomas e autónomos.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Anuncia que comparte cada unha das inxerencias desta moción agás a relativa ao punto sétimo, xa que as entidades públicas de crédito xa existiron e non se amosaron como unha boa solución, polo que indica que comparte a emenda de modificación presentada polo grupo popular.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que todos os puntos da moción son dificilmente discutibles, agás o sétimo. Matiza que se trata de moitos puntos de acordo e sobre os que, en moitas ocasións, non existe unha relación inmediata, como ocorre neste caso co punto sétimo. Neste senso indica que lles parece máis axeitada a emenda de modificación presentada polo grupo popular.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Antes de entrar neste punto da orde do día, e como foi interpelado, quere manifestar ao respecto da achega da CH do Miño-Sil para o Concello de Taboadela para obras na rede de saneamento que parece que aínda vai ter que sentirse culpable por solucionar unha grave problemática que existía no seu concello. Lembra que cando tomou posesión como alcalde no ano 2019 o primeiro que fixo foi solicitar unha reunión co presidente deste organismo para tentar solucionar a problemática de que a rede de saneamento do seu concello en 5 núcleos de poboación vertía directamente. Ademais indica que o dato de que a subvención é de 700.000 euros é erróneo, xa que ese é o custo total do proxecto, e o concello achega o 20 % deste, e que se debe facilitar toda a información, que inclúe achegas da CH para concellos como Ourense, San Cibrao das Viñas, A Veiga, Muíños, Bande ou Maceda.

Respecto á moción do BNG sinala que ante unha inxerencia que afecta a unha parte da sociedade, hai tres posibles reaccións políticas. Así o Goberno do Estado, recolle estas inxerencias, réunese cos afectados e co sector, e presenta un proxecto de lei en ambas cámaras que mellora substancialmente a situación actual, incluíndo a protección das persoas maiores fronte a exclusión financeira. Outra postura é a do Partido Popular que se inxere e rexeita no Parlamento de Galicia unha solicitude de medidas para loitar contra esta exclusión social. E a terceira postura é a do BNG que chega un pouco tarde coas súas iniciativas, pero cando se toman medidas desde o goberno legislando, pide efectos inmediatos e sen dar tempo a ver os resultados. Por todo o explicado sinala que van votar a favor da moción xa que están

de acordo co seu espírito, e respecto á emenda de adición sinala que estarán ao que decida o proponente da moción.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza indicando que están a favor do fondo da moción, e que xa no mes de abril de 2021 o grupo popular apoiou unha moción do BNG na que se propoñían unha serie de medidas para evitar a exclusión social de certos colectivos. Indica que estamos ante un asunto moi importante para a nosa provincia, e que o sector financeiro tirou da dixitalización sen ter en conta as características do noso territorio, se ben a exclusión é un fenómeno que se dá en todo o Estado. Lembra que a Xunta de Galicia non pode impedir o peche de oficinas, pero que impulsou o convenio coa FEGAMP para dar solución á problemática que sofren máis de 50.000 galegos, mediante a instalación de caixeiros e outras medidas alí contempladas. O Partido Popular aposta por servizos bancarios dignos nas nosas zonas rurais, e que o Estado debe implicarse moito máis mediante a adopción de medidas no ámbito das súas, competencias, que si que as teñen. Finaliza dando conta da súa emenda de substitución que non pretende máis que eliminar a inclusión da famosa banca pública do BNG a través desta moción, e que, de aceptarse, implicará o voto favorable.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza explicando que o derradeiro punto da moción debería encaixarlle a todos os grupos xa que debemos lembrar que no orzamento provincial para 2022 vai unha aplicación orzamentaria de en torno aos 500.000 euros para pagar comisións bancarias, e que isto tería solución con banca pública, como sucede noutros países como Alemaña ou no propio Estado coa Caixa Rural. En todo caso, e co ánimo de conseguir máis forza, indica que vai apoiar esa emenda transaccional presentada polo grupo popular. É obvio que o sistema bancario se está centralizando en poucas entidades e se están precarizando os servizos á cidadanía. Remata indicando que estamos ante un asunto moi importante para a nosa veciñanza polo que debemos insistir nas nosas xustas reivindicacións defendendo os intereses da cidadanía de Ourense fronte aos bancos que na crise pasada recibiron tantos fondos públicos.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Amosa a súa satisfacción por que os diferentes partidos políticos cheguen a acordos como estes que só pretenden dar solución ás demandas da veciñanza, razón pola que votará a favor da moción coa emenda de modificación incluída. Seguidamente indica que está moi contenta de que Taboadela reciba máis de medio millón de euros, pero entón ten que ser comprensivo coas peticións e demandas que outros

alcaldes e alcaldesas presentan nesta Deputación, tal e como el fai na CH do Miño Sil, e pregunta se nestes repartos da CH onde están os criterios xustos e equitativos.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para amosar tamén a súa satisfacción por este acordo, pero matiza que isto é posible porque a emenda do grupo popular é de modificación ou transaccional e non é de substitución como noutras ocasións, razón pola que se pide ao grupo popular que no sucesivo e ante outras iniciativas políticas actúe do mesmo xeito. Por último engade que tamén debemos estar satisfeitos polo acordo adoptado entre diferentes partidos no Parlamento de Madrid.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para indicar que el sinceramente se alegra e felicita ao alcalde de Taboadela polo convenio que conseguiu asinar coa CH por importe de 700.0000 euros, pero que entón debera facer o mesmo cando por exemplo Muíños consegue convenios con outras AAPP. Tamén matiza que os traballos de limpeza e actuacións da CH no concello de Muíños son anteriores á presidencia actual, polo que lle pide que deixe de mesturar os datos. Con respecto á moción, entende que se trata dun asunto que debe preocuparnos a todos e como mostra lembra que o pasado martes no Parlamento galego se debateron tres iniciativas (unha do PP, outra do PSOE e outra do BNG). Remata indicando que a solución está principalmente en que desde o Parlamento de Madrid, que é a administración competente, se lexisle para conseguir uns servizos mínimos financeiros para os contornos non urbanos e polo mantemento dun servizo de carácter público para as empresas e negocios.

- quenda de peche de Bernardo Varela (grupo do BNG): Para concluír sinala que esta semana observou con certa envexa os importantes fondos Next Generation que acaban de ser destinados á mobilidade nas grandes cidades, entre elas a capital da nosa provincia, e que chama moito a atención que a todos se lles encha a boca de falar da España baleirada pero logo os fondos sempre se dedican ás cidades, e non aos concellos como os das nosa provincia. Remata indicando que se trouxo esta moción por entender que estamos ante unha cuestión moi importante, e que debemos seguir coa presión e insistindo ás grandes entidades financeiras para que manteñan os seus servizos para os nosos veciños e veciñas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda do Grupo Popular, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Reiterar os acordos acadados no pleno de abril de 2021.
2. Solicitar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado Español, que desenvolvan a lexislación necesaria para garantir a atención persoal a todo usuario que o precise en horarios legalmente establecidos (cun mínimo legal diario de 6 horas de caixa aberta nos días laborables), non só a persoas con poucas habilidades dixitais, senón tamén ás persoas de zonas con dificultade de acceso a internet. E impedindo a imposición de contías mínimas superiores os 100 euros nas cantidades a retirar por caixa.
3. Instar á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de subvencións de caixeiros por contribuír ao efecto chamada de peche de servizos. Dando unha falsa sensación de mantemento dos servizos, cando en moitos dos casos este modelo ven ser un substituto das propias oficinas bancarias preexistentes neses concellos.
4. Demandar do goberno central a modificación da regulación do sector financeiro para garantir por parte da gran banca unha rede mínima de oficinas e caixeiros e unha atención presencial mínima para as persoas consumidoras.
5. Demandar a modificación da lei de servizos de pagos para establecer unha tarifa básica que permita nos concellos onde só hai caixeiro dunha única entidade que se poidan realizar un certo número de operacións a un prezo básico.
6. Instar ao Parlamento de Galiza a promover unha lei de reforma do sistema financeiro que evite que os bancos, da noite para a mañá, pechen sucursais en zonas estratéxicas, sexa no rural, sexa nos barrios das cidades, deixando tirados veciños, comerciantes, empresarios e demais usuarios.
7. Solicitarlle á Xunta de Galiza que reforce o papel do IGAPE e explore fórmulas de xestión, dentro do marco competencial autonómico, que continúen axudando á reactivación dos sectores económicos galegos, especialmente co respaldo para o acceso ao crédito dos sectores produtivos e innovadores, particularmente das pequenas e medianas empresas e autónomos.

**13°.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**14°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

### **15º.- ROGOS E PREGUNTAS:**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Indica que despois dos moitos anuncios de prensa feitos polo presidente da Deputación Provincial de Ourense en relación co seu obxectivo de converter o Pazo Provincial nun balneario e a necesidade do traslado das dependencias da propia Deputación a outro espazo, o noso grupo provincial xa en data do 13 de agosto solicitou información da nova localización da sede da Deputación sen obter aínda a día de hoxe ningún tipo de resposta. Posteriormente tamén se trasladou esta mesma solicitude de información a correspondente comisión informativa, onde tampouco se nos deu resposta. Recentemente, e de novo a través da prensa, o presidente da Deputación anunciaba o traslado das dependencias da Deputación “nunha primeira fase” a unha sede provisional, onde a través dun escrito asinado en data 4 de febreiro de 2022 o noso grupo preguntaba por esa sede “provisional”, e seguindo o mesmo camiño que a anterior, segue aínda sen resposta, e por este motivo reiteramos as seguintes cuestións: ¿Cal será a nova sede definitiva da Deputación Provincial de Ourense? ¿Cal será a localización provisional da sede da Deputación Provincial de Ourense?

A Presidencia contesta que a resposta sería en ambos casos que non o sabe, neste momento. Para elixir a sede definitiva hai tempo, e que o que se está a buscar agora é unha sede para un traslado provisional que permitise iniciar as obras, e para estes efectos creouse un grupo de traballo con representación da DPO, do concello de Ourense e da Xunta de Galicia para avaliar as distintas alternativas para trasladar as oficinas administrativas con carácter provisional, decisión que agarda ter tomada no primeiro semestre deste ano 2022.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que, continuando coas nosas solicitudes de información, toca agora reiterar unha solicitude que está pendente de resposta sobre a pasada edición da Mobile Week 2021. ¿Cal foi o custo total para a Deputación Provincial de Ourense da celebración da Mobile Week 2021? ¿Cal é a desagregación dos 10.000 € que a Deputación Provincial de Ourense asignou a MWCcapital? ¿Cales foron os gastos asumidos pola Deputación Provincial de Ourense en pagos por axudas de custo, pagos a relatores, aloxamentos, desprazamentos, etcétera? ¿Cal foi a cantidade recibida polo relator Juan Manuel Roa? ¿Cal foi o motivo da elección como relator de Juan Manuel Roa para esta edición da Mobile Week 2021? ¿Considera vostede

que existe algunha relación entre a participación de Juan Manuel Roa neste evento e o seu recente nomeamento como o “presidente provincial máis transparente de España” feito pola empresa DYNTRA “casualmente” presidida polo propio Juan Manuel Roa?

A Presidencia contesta que custo total para a Deputación Provincial de Ourense da celebración da Mobile Week 2021 que se está a pechar a súa liquidación e cando se teña se contestará oportunamente. Respecto á desagregación dos 10.000 € que a Deputación Provincial de Ourense asignou a MWCcapital indica que consiste nun canon polos conceptos de uso da imaxe da marca corporativa e polo traballo do equipo de control. Sobre os gastos asumidos en pagos por axudas de custo, pagos a relatores, aloxamentos, desprazamentos, remítese ao contestado na primeira pregunta. Respecto aos pagos ao relator Juan Manuel Roa indica que foron de 0 euros. Con motivo á elección deste relator informa que a selección de todos os relatores foi feita por un equipo multidisciplinar de dezaseis persoas, e que a proposta de Juan Manuel Roa foi realizada por Rede Mundo Atlántico e baseada fundamentalmente na traxectoria do relator. Sobre a presunta relación entre a participación de Juan Manuel Roa neste evento e o seu recentemente nomeamento como o “presidente provincial máis transparente de España” feito pola empresa DYNTRA “casualmente” presidida polo propio Juan Manuel Roa, contesta que considera que non existe relación de ningún tipo, e matiza que en todo caso el non foi nomeado, senón que forma parte dun ránking ou clasificación de 35 indicadores obxectivos que se poden comprobar en cada momento por calquera cidadán e que actualmente cumpre 31 dos 35, e comparte o primeiro posto co presidente da Deputación de Granada, do Partido Socialista. O índice Dyntra vense elaborando desde o ano 2015 para os gobernos provinciais e insulares e conta con 189 indicadores, dos que a Deputación cumpre 168.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Realiza o rogo de que tal como o BNG vén sinalando en diferentes comisións e plenos existe unha clara desigualdade cara ás mulleres desta provincia á hora de serlle concedidas distincións da Deputación de Ourense en recoñecemento dos seus méritos. Propomos que se teñan en conta os seguintes nomes para que sexan recoñecidas coas distincións de “Filla Predilecta da Provincia”, ou coa medalla de ouro, a estas destacada mulleres: Antonia Ferrín: do Carballiño, foi a primeira muller en ler unha tese doutoral sobre astronomía no Estado español, 1963, tamén a primeira tese que foi defendida na facultade de

matemáticas da USC. Licenciada en Químicas e Farmacia. María Crespo: cardióloga nada en Cea en 1961. Recoñecida en diferentes ámbitos internacionais e asociacións de cardioloxía. Recoñecida coa medalla Castelao, e co nomeamento de filla predilecta do seu concello de nacemento.

A Presidencia contesta que toma nota deste rogo, e engade que o 11 de setembro de 2021 a DPO estivo presente no recoñecemento como filla predilecta que o concello de San Cristovo de Cea lle fixo á doutora María Crespo e que incluso se colaborou economicamente con este acto.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Realiza dúas preguntas. En primeiro lugar pregunta cal vai ser o procedemento para achegar elementos de traballo á comisión de patrimonio provincial recentemente reactivada por esta Deputación. A segunda pregunta é, recoñecendo a calidade da revista Coralia e que nesta edición está case dedicada na súa totalidade á nosa provincia, indica que non deixa de chamar a atención a adquisición por importe de 17.010 € a través dun contrato menor de exemplares desta edición da revista, polo que pregunta se se trata dunha decisión puntual debido aos contidos desta edición, e cal vai ser o destino dos exemplares adquiridos.

A Presidencia contesta respecto da primeira pregunta, que as achegas poden facerse directamente a través do presidente desta comisión que é o deputado provincial César Fernández. Respecto á segunda indica que efectivamente se trata dunha adquisición puntual pola temática da edición referida á nosa provincia e que o reparto que se vai facer e o que se fai con todas as publicacións da Deputación para os centros escolares, rede de bibliotecas, rede de arquivos etcétera.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Realiza un rogo, aínda que non dirixido á Presidencia, diríxello ao deputado Armando Ojea para que llo traslade ao seu compañeiro Gonzalo Pérez Jácome, xa que levamos dous plenos nos que contamos coa súa presenza pero que o que amosa é a súa ausencia. Hoxe botou no pleno 45 minutos e sinceramente considera que iso non é nada construtivo.

A Presidencia contesta que dará traslado do rogo.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Realiza un rogo, dirixido aos deputados e deputadas que interveñen nos debates, para que se informen ben dos asuntos. En particular refírese ao deputado Pablo Pérez que aludiu durante o debate ao servizo de recollida do lixo do Concello de Verín, dicindo medias verdades, en invítalo a que visite o concello e poida

comprobar o funcionamento do servizo coa xestión directa e a percepción que del ten a veciñanza.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url -

<http://depourense.seneca.tv/s/ENBjTvzzGLUdV5LzUWnXzN7p4upqUCGihCbGwE6VbdCSaOGs.wmv>

SHA512 -

0775fbd5de9a1d72f6f16f19bba7fc6d55ddaae3970e60521c2b97e2099aeb50679f5ad  
1c30f8351712d3926f9fde6981da0fe34c102b3153d5cbd00e0f018a4

E, ás 14.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.